



UNHA OLLADA DE FUTURO DENDE O PASADO DAS SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN

Isidro Cillero Prieto

Presidente da Liga Santaballese

Moi preto da casa escola, rodeados polos xardíns da Liga Santaballese e protexidos pola sombra que nos outorga a buganvilea do cenador nunha tarde radiante e calorosa tomo ante todos os asistentes a palabra na mesa circular, como presidente da Liga Santaballese que exerce como sociedade organizadora da presente xornada. Nesta posición circular reúnense membros das distintas Sociedades de Instrucción e Recreo que perduran na actualidade cun forte carácter de alén mar, coa clara convicción e pretensión por parte da sociedade organizadora de unificar criterios, coñecer as inxedanzas, as percepcións do porvir, a conxuntura actual e a relación entre sociedades instrutivas conxéneres en Cuba. A súa vez, dende a Liga Santaballese propónse o seu desexo de realizar unha primeira tentativa de achegamento entre as colectividades aínda existentes en Galicia, co propósito de alentar unha alianza que faga máis visibles e participativas entre nos as diferentes actividades realizadas; polo que propuxemos unha convocatoria anual e rotatoria entre as diferentes sociedades.

A continuación cedo a palabra ao presidente da Sociedade a Devesana Emilio Castro Fustes, que aborda a complexa situación na que se atopa esta sociedade do concello de Ortigueira, influenciada polo despoboamento que é semellante a calquera outra parroquia do rural galego; malia que afonda nas problemática de ter uns asociados dunha idade moi avanzada co que se prevé un lastre para a sociedade nos vindeiros anos. Tamén alude aos orixes de Hijos de la Devesana, cun clarísimo carácter laico que levou a enfrontamentos da sociedade co párroco e veciños que solicitaban unha ensinanza cristián fracturando a convivencia durante anos en certa medida e quedando marcada na ditadura debido ao seu pasado laico. Ademais comenta da falta de documentación pertencente a sociedade, e fai fincapé nas complexas xestións necesarias para a súa adecuación a ordenación xurídica.

Posteriormente, en nome da Sociedade Unión de San Simón e Samarugo falan Fernando Gacio Freire coma secretario e Alfonso Prieto Trastoy coma presidente dunha nova utilidade da escola construída en San Simón da Costa como centro de rodaxe da película dirixida por Clara Bilbao “Tratamos demasiado bien a las mujeres” que modificou a estética da propia escola provisionalmente, e vista como unha nova fonte de ingresos para melloras realizadas durante a produción e outras posteriores grazas ao novo financiamento. Remarca as complicadas fontes de ingresos para manter os ben inmobles herdados das sociedades indianas, sendo unha sociedade que tamén carece de incorporacións de xente nova que faga un cambio xeracional.

Representando a Sociedade Hijos de Goiriz intervén Valentín Sanjurjo Blanco que menciona os inicios da escola e da sociedade así como as inversións posteriores para a restauración e mantemento do edificio escolar e amosa as novas utilidades como centro social.

Unha sociedade con un carácter moi distinto as sociedades de instrución e o Hospital Asilo de Vilalba, institución nacida o amparo dos emigrados vilalbeses na Habana e a asociación Unión Vilalbesa, o seu secretario Manuel Roca Cendan fai unha disertación sobre a fundación, a memoria e formación da obra social para beneficio de toda a sociedade vilalbesa recorrendo os seus estatutos fundacionais.

Xa para rematar a xornada intervén a Presidenta da Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Capela e da Agrupación de sociedades representativas de municipios y parroquias de Galicia en Cuba, Juana Caridad Fernández Pérez, que amosa a necesidade de relevo xeneracional nas directivas das diferentes Sociedades de Instrución e Recreo que a día de hoxe perduran en Cuba, as propostas de recuperación levadas a cabo para conservar o legado dos migrantes galegos na Habana mediante a unión e apela a unidade e colaboración que se fixo entre a colectividade galega e cubana para salvaguardar a nosa memoria.

Nese eido de colaboración, irmanamento e unión agracezo a todos os asistentes a esta convocatoria que espero que sexa o xermen doutras reunións celebradas noutras sociedades e convido aos presentes en nome da Liga Santaballea as XIII Xornadas Migracións Indianas que este ano se desenvolveran no mes de setembro e novembro xunto coa Feira Indiana celebrada ininterrompidamente ano tras ano desde que xurdiron en 2010.